



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

CORRECCIÓN DE ERRO NA RESOLUCIÓN Nº 2022-0091 DE DATA 11/02/2022 DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO FOMENTO DO CONSUMO LOCAL NO CONCELLO DE FORCAREI A TRAVÉS DE BONOS

Detectado un erro na base quinta do Fomento do Consumo Local no Concello de Forcarei a través de Bonos, aprobada por resolución da Alcaldía nº 2022-0091, de data 11/02/2022, no que respecta ao período de solicitude de adhesión, que di textualmente

“QUINTA.- SOLICITUDE E PROCESO DE ADHESIÓN Á CAMPAÑA

Os establecementos interesados en participar, deberán cumprimentar e presentar na forma e prazo indicados nestas bases o documento Anexo I de adhesión á campaña que estará á súa disposición na páxina web do concello (forcarei.net) e sede electrónica (forcarei.sedelectronica.gal) e no taboleiro de anuncios na casa consistorial.

A organización resérvase o dereito de solicitar calquera documento que considere necesario.

O período de solicitude de adhesión á campaña por parte dos establecementos comerciais e de hostalería interesados comezará o día 18 de febreiro e rematará o día 24 de decembro de 2022 (ambos incluídos).

Posteriormente, na web do Concello e na sede electrónica, publicarase o listado con todos os establecementos adheridos neste proxecto para facilitar ás persoas beneficiarias do bono a súa consulta.”

DEBENDO DECIR TEXTUALMENTE:

“QUINTA.- SOLICITUDE E PROCESO DE ADHESIÓN Á CAMPAÑA

Os establecementos interesados en participar, deberán cumprimentar e presentar na forma e prazo indicados nestas bases o documento Anexo I de adhesión á campaña que estará á súa disposición na páxina web do concello (forcarei.net) e sede electrónica (forcarei.sedelectronica.gal) e no taboleiro de anuncios na casa consistorial.

A organización resérvase o dereito de solicitar calquera documento que considere necesario.

O período de solicitude de adhesión á campaña por parte dos establecementos comerciais e de hostalería interesados comezará o día 18 de febreiro e rematará o día 24 de febreiro de 2022 (ambos incluídos).

Posteriormente, na web do Concello e na sede electrónica, publicarase o listado con todos os establecementos adheridos neste proxecto para facilitar ás persoas beneficiarias do bono a súa consulta.”

Visto que a competencia para a adopción do presente acordo está atribuída á Alcaldía en virtude do establecido na lexislación vixente.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Rectificar o erro de transcripción na base quinta do Fomento do Consumo Local no Concello de Forcarei a través de Bonos, aprobada por resolución da Alcaldía nº 2022-0091, de data 11/02/2022, no que respecta ao período de solicitude de adhesión, en base ao establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Dar nova redacción a base quinta do Fomento do Consumo Local no Concello de Forcarei a través de Bonos, aprobada por resolución da Alcaldía nº 2022-0091, de data 11/02/2022, no que respecta ao período de solicitude de adhesión, antedita, deixando sen efecto o dato erróneo, sendo substituído polo dato correcto, quedando o texto definitivo da mesma coa seguinte redacción:

“QUINTA.- SOLICITUDE E PROCESO DE ADHESIÓN Á CAMPAÑA

Os establecementos interesados en participar, deberán cumprimentar e presentar na forma e prazo indicados nestas bases o documento Anexo I de adhesión á campaña que estará á súa disposición

na páxina web do concello (forcarei.net) e sede electrónica (forcarei.sedelectronica.gal) e no taboleiro de anuncios na casa consistorial.

A organización resérvase o dereito de solicitar calquera documento que considere necesario.

O período de solicitude de adhesión á campaña por parte dos establecementos comerciais e de hostalería interesados comezará o día 18 de febreiro e rematará o día 24 de febreiro de 2022 (ambos incluídos).

Posteriormente, na web do Concello e na sede electrónica, publicarase o listado con todos os establecementos adheridos neste proxecto para facilitar ás persoas beneficiarias do bono a súa consulta.”

CUARTO.- Proceder ás actuacións necesarias para a subsanación do dito erro.

QUINTO.- Dar publicidade á presente resolución según o establecido nas bases.

A Alcaldesa

Ante min, aos efectos do artigo
3.2 do Real Decreto 128/2018,
O Secretario-Interventor

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NO DÍA DA DATA

